

INSTRUCCIÓN 1/2020 da Secretaría Xeral de Universidades e da Axencia Galega de Innovación (Gain) en relación coas persoas investigadoras destinatarias das axudas predoutorais e posdoutorais da Xunta de Galicia que estean realizando estadias de investigación en centros de traballo pechados pola crise do coronavirus.

Ante o peche dalgunhas universidades e centros de investigación pola causa anteriormente citada, dítase a seguinte instrución:

As persoas investigadoras predoutorais e posdoutorais que estean realizando ou vaian realizar unha estadia nunha universidade ou nun centro de investigación que estea pechado por causa de forza maior, poden suspender ou pospoñer a súa estadia no país afectado ata que se renove a actividade no centro ou solicitar un cambio de zona de estadia.

En caso de suspensión, debidamente acreditada, deberán incorporarse aos organismos beneficiarios das axudas durante o período que estea vixente o peche dos centros de traballo onde ían realizar a estadia.

En caso de pospoñer a estadia, poden solicitar unha modificación das datas ou cambiar o centro de destino sempre que non supoña un cambio de zona.

Os organismos beneficiarios das axudas deberán poñer ao dispor das persoas investigadoras todos os recursos que sexan necesarios para continuar co seu labor investigador.

Os organismos beneficiarios das axudas deben dar publicidade desta instrución ao persoal afectado e serán os encargados da tramitación das modificacións xeradas ante a Secretaría Xeral de Universidades ou a Gain, segundo corresponda.

Segundo a evolución da situación, a Secretaría Xeral de Universidades e a Gain poderán ditar novas instrucións.

Santiago de Compostela,

O secretario xeral de Universidades

A directora da Axencia Galega de Innovación

José Alberto Díez de Castro

Patricia Argerey Vilar

